

LA MARAÑA

Jaime (2)

Dos años, ya. Rodaron como soles ebrios sobre la cuesta abajo de mi vida. Dos años sin mi amigo Jaime de los Ríos, poeta castellano enhebrado con hilos de seda a la mar gallega. Dos años insobornables que martillaron los clavos de la aurora cada día fijando el damasco purísimo del cielo. Dos años de fuego en los que la primavera buscó los oasis que la corrupción humana y nuestro poco amor por el planeta secó hasta la esterilidad. Ya no hay oasis, Jaime, y escasean los poetas. Las artes sucumben, Jaime querido a pecho descubierto, y la pólvora y los neutrones en manos de payasos enloquecidos, asesinan, corrompen, dinamitan y convierten la vida en despojos que hasta los buitres desprecian. Muertos los versos, las pinturas, la danza, los cineales, los teatros, el canto y la luz, la palabra yace boca arriba desdentada y amarga en los eriales de la estulticia y en el cielo raso de las buhardillas.

No escribiré más, Jaime, porque las lágrimas flagelan mis mejillas. Prefiero que escribas tú: «Tengo miedo del invierno que se acerca/ desprovisto de luz y claridades,/ miedo de la alameda despolvada/ de niños, de canciones y de risas,/ de las barras de los bares desprovistas de codos y blasfemias,/ miedo de las agujas de la lluvia/ penetrando en arcillas y granitos,/ de vendavales que invierten los paraguas/ y los hacen indecisos y rebeldes./ Tengo miedo de las prisas de la noche/ y del ulular de sus sirenas./ Y miedo del invierno, de otro invierno/ sin soles, sin proyecto y sin raíces». Ahora que releo tus versos, Jaime, me pregunto: ¿cómo no comprendí que pedías socorro a gritos naufragando en la mar de los poemas?»

Historias que contar

Manuel Núñez Singala  
Escritor

# «O naufraxio do Santa Isabel sería un guion espectacular para un filme»

É o autor da primeira versión novelada do tráxico suceso ocorrido preto de Sálvora

M. X. BLANCO  
RIBEIRA / LA VOZ

A madrugada do 2 de xaneiro de 1921, o vapor correo Santa Isabel naufragou nas inmediacións da illa de Sálvora. No suceso, considerado como unha das principais traxedias marítimas ocorridas en Galicia, faleceron 213 das 268 persoas que viaxaban no barco. A noticia fixo correr ríos de tinta naquela época e anos despois deu pé a un feixe de artigos xornalísticos e mesmo a algún que outro libro de investigación. Pero, ata agora, ninguén se atrevera a imprimirlle ao considerado Titanic galego unha boa dose de ficción. Ata que chegou Manuel Núñez Singala e lle deu forma a *Noite de temporal*, unha novela rigorosamente documentada que reproduce os feitos reais ocorridos aquela noite, aínda que con diálogos e sensacións inventados.

A historia do Santa Isabel sorprende a todo aquel que se mergulla nela. Un dramático naufraxio nunha noite de temporal e os habitantes dunha illa convertidos en heroes ao arriscar as súas vidas para tratar de salvar aos pasaxeiros do barco son as claves dun relato que se completa con infinidad de detalles. Núñez Singala, director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela que dedica o seu tempo libre a escribir, decidiu descubrilos todos cando a editorial Oqueleo lle propuxo lanzar unha obra. «O verán do 2016, facendo prácticas de navegación, fondeamos en Sálvora e alí, nun panel informativo, souben do naufraxio do Santa Isabel. Era unha historia da que escoitara falar antes, pero tiña moi poucos datos», lembra.

O suceso regresou á súa mente ao recibir a proposta de elaborar



Núñez Singala quedou abraiado coa valentía que amosaron diversas persoas no tráxico suceso. CEDIDA

unha nova obra, pero Manuel Núñez non imaxinaba que, no proceso de documentación, atoparía unha historia tan interesante e, ao mesmo tempo, descoñecida: «Chamoume á atención o pouco difundido que estaba o acontecido. O Titanic forma parte da cultura xeral e este naufraxio, tan próximo e fermoso, non é nin de lonxe tan coñecido».

**Moitos datos e algunhas dúbidas**

Artigos rescatados da prensa e un libro de carácter histórico elaborado por Xosé María Fernández Pazos permitíronlle ao autor lugares obter a información necesaria para darlle forma á súa propia versión do acontecido hai 97 anos: «Quixen facer unha versión novelada do que pasou, baseándome nos feitos reais, pero dándolle personalidade á xente, reflectindo o que podían estar pensando, as súas vivencias e as conversacións mantidas».

Se hai algo que chama poderosamente a atención de todo aquel que se mergulla na historia do Santa Isabel iso é o valor que demostraron aquela fatídica noite diversas persoas. Tamén Núñez Singala quedou impresionado con esta parte do suceso: «Especialmente, co segundo oficial, Luis Cebreiro, que puxo a súa vida en perigo; e coas mulleres de Sálvora, mulleres de 1921, cando o papel delas era subalterno, e non dubidaron en botarse ao mar nunha dorna, en plena noite de cru temporal». Aínda que agora é un gran coñecedor daquela traxedia, son varias as dúbidas que

**A presentación.** Manuel Núñez Singala presentará mañá en Ribeira (Lustres Rivas, 20.30 horas) a novela *Noite de temporal*. Estará arroupado polo tamén escritor Antón Riveiro Coello e por Ana María Guerra, da editorial Oqueleo.

planean sobre o seu maxín: «Non se sabe moi ben se as heroínas foron tres ou catro e tamén hai un dos condecorados, o mariñeiro ribeirense Callón, do que non fun quen de atopar información. A maiores, non hai datos sobre a meirande parte das vítimas, que eran inmigrantes».

A gran dose de traxedia que agocha esta historia, sumada aos comportamentos heroicos, entre os que Manuel Núñez tamén destaca o de tres vellos que marcharon cara a Ribeira nunha pequena embarcación á procura de axuda, fan que o escritor sitúe o suceso ocorrido en Sálvora por riba do mesmo Titanic: «O naufraxio do Santa Isabel sería un guion espectacular para un filme, incluso sen ter que forzar ou recorrer a invencións». Asegura que coa súa novela persegue, dalgún xeito, renderlle homenaxe ás vítimas e aos heroes: «Tentei escribila desde o respecto máis absoluto».

Abril de 1722. Jacob Roggeveen descobre a illa de Pascua

R é outra historia

## anticípate ti tamén con R

- 200 megas
- tv ocio con rebobina
- móbilR con chamadas ilimitadas, 5 GB e wificlientes R

19 €/mes durante 6 meses

infórmate nas tendas R  
tenda R Boiro  
tenda R Noia  
tenda R Ribeira  
Dixital Barbanza Pobra

Consultar promoción para novos altas de clientes particulares • combo 200 coa opción tv ocio e móbilR, coa plana 5 GB con cota de 19 €/mes durante os seis primeiros meses; despois, 69 €/mes • liña móbil con chamadas ilimitadas: 60 minutos por chamada; os excesos 21 cént./min • a promoción está ligada á permanencia na modalidade de servizo contratado durante 12 meses; se o cliente fai un cambio a un produto inferior ou se dá de baixa, deberá abonar o importe promocionado • contrato mínimo 12 meses no fixo, no caso de baixa anterior a este período, o cliente deberá abonar a R a cantidade promocionada sobre a cota de alta e instalación do servizo 120€, reducido de forma proporcional ao tempo de permanencia do contrato restante e as cotas de financiamento se as houberse • todos os prezos levan IVE incluído • detalles da promoción, tarifas e penalizacións en [tarifas.mundo-R.com](http://tarifas.mundo-R.com) • máis info en [Rgal](http://Rgal) • anunciante: R Cable y Telecomunicaciones Galicia, SAU, Real BS, A Coruña (A15474281)

